


Memoria Voz Natura



"De parte a parte, librar de lixo o Baluarte"

**C.E.I.P.de PALMEIRA
Curso 1999-2000**

INDICE:

(conto motivador)

- [Presentación](#)
- [Obxectivos](#)
- [Actividades:](#)
 - o [Papel](#)
 - o [Pilas](#)
 - o [Plástico](#)
 - o [Horto](#)
- [Actividades do presente proxecto:](#)
 - o [Saídas á praia. Calendario. Lixo recollido](#)
 - o [Murais das saídas](#)
 - o [Mural Gaivota Marcelina](#)
 - o [Mural patio](#)
 - o [Láminas Fauna e Flora](#)
 - o [Realización de urnas](#)
 - o [Conto motivador](#)
 - o [Panel da praia](#)
 - o [Enquisa](#)
 - o [Maqueta da praia](#)
 - o [Acuario](#)
- [Alumnos participantes](#)
- [Mestres participantes](#)
- [Grupo Voz Natura](#)
- [Proxecto na Prensa](#)
- [Valoración Final](#)

DE PARTE A PARTE, LIBRAR DE LIXO O BALUARTE

Proxecto de Educación Medio Ambiental, incorporado ó Programa Voz Natura
C.E.I.P. PALMEIRA
Curso 1999-2000

O Colexio de Educación Infantil e Primaria de PALMEIRA (Palmeira - Ribeira, A Coruña) vén realizando diferentes programas de Educación Medio Ambiental dende o curso 91/92, co obxectivo de sensibilizar ós nenos e nenas e educalos na observación, respecto e coidado do medio natural máis próximo, espertando a asunción de responsabilidade que todas e todos temos na conservación e mellora deste medio.

No curso escolar 95/96, integrado na dinámica de traballo en grupo do Colexio, créase o Equipo de Medio Ambiente, que recolle as liñas de traballo xa deseñadas e se responsabiliza da programación, organización e posta en marcha das actividades referidas a Medio Ambiente no Centro, procurando a sensibilización e participación de toda a Comunidade Escolar.

Algunhas das actividades levadas a cabo nos últimos anos no Colexio foron as seguintes:

- Recollida de papel para reciclar. Campañas de divulgación sobre o papel reciclado. Obradoiros de papel reciclado.
- Campañas de recollida de pilas usadas.
- Reproducción dun pequeno ecosistema mariño (unha poza de litoral) nun acuario. Observación e de animais mariños. Recollida e observación de algas. Elaboración dun algario.
- Reproducción de pequenos ecosistemas en terrarios.
- Estudio e plantación de ábores.
- Recollida, exposición e estudio de cogumelos.
- Limpeza "testimuñal" de espacios públicos da parroquia.
- Actividades diversas de observación de animais e plantas.
- Creación e coidado dun *horto escolar*.

O proxecto **DE PARTE A PARTE, LIBRAR DE LIXO O BALUARTE**, que se levou a cabo durante o curso 1999-2000 integrrou diversos aspectos de educación medio ambiental como o

"apadriñamento" dun espacio común, a praia do Baluarte, programando unha limpeza mensual da mesma; a observación do lixo que nela se atopaba e a sensibilización de cara a un tratamento racional dos residuos evitando a contaminación do litoral e doutros espacios co lixo; a observación e estudio do litoral como ecosistema (o medio físico, os animais e as plantas presentes nel), a reproducción do mesmo nun acuario, a elaboración dun algario e o estudio e clasificación de cunchas atopadas na praia; e, en definitiva, a formación dos nenos e nenas no respecto e coidado do medio natural e a divulgación destas mensaxes no conxunto da Comunidade Escolar e mesmo na Parroquia de Palmeira, a través dos propios nenos e nenas coa súa actuación e o seu entusiasmo.

Un conto para principiar.....

**Unha ameixa, unha gaivota
e unha muller ben disposta.
(ou como es animais protestan polo lixo)**

Este conto (de Cristina Novoa, profesora do Centro) empregouse como motivación para presentar o programa ós nenos e ás nenas dos diferentes cursos. Contouse o conto, e repartiuse a cada alumno e alumna unha copia do mesmo con espacios para que puidesen ilustralo, logo de oílo, comentalo e traballar na clase algúns dos aspectos que propuña.

Así mesmo, elaborouse un **libro xigante** con este conto. Repartiuse a cada grupo-clase unha parte do relato (que xá coñecían ben) coa proposta de elaborar unha páxina para o libro, cunha ilustración colectiva acorde á parte do conto que lles correspondía. Esta actividade foise realizando ó longo do curso, a medida que os nenos e nenas ían participando na limpeza da praia do Baluarte. O resultado final é de gran plasticidade e beleza.

Como anécdota, cómpre cecais comentar que un dos animais protagonistas do conto, a gaivota Marcelina, fixose moi coñecida entre os nenos e nenas. Mesmo algún dos más pequenos, ó ver gaivotas preto do colexiou ou na praia, dirixiu-se a súa profesora dicindo "*Mira, mira, unha Marcelina*".

OBXECTIVOS:

- Concienciar ós/ás nenos/as sobre o coidado do entorno natural das paisaxes en xeral e das praias en particular.
- Facer extensiva esta concienciación ós/ás demais membros da comunidade.
- Crear hábitos de observación e recolección do lixo na praia do Baluarte, e posterior clasificación deste lixo no centro, para poder identificar a súa procedencia e poder evitalo.
- Ser quen de realizar observacións, recoleccións e clasificación (no centro) das distintas especies animais e vexetais atopadas na praia.
- Despertar actitudes de respecto sobre o entorno no que viven.

ACTIVIDADES

- [Recollida de Papel](#)
- [Recollida de Pilas](#)
- [Recollida de Plástico](#)
- [Horto Escolar](#)

Campaña de recollida de papel para reciclar.

Durante todo o ano os alumnos/as disponen dunhas caixas onde depositar os papeis usados para unha posterior reciclaxe. Os papeis non só serán os que empreguen nas aulas, senón que tamén poden traelos das casas (todos aqueles que se usan no ámbito familiar: revistas, prensa, ...). Para animar esta campaña os nenos e nenas farán un eslogan así como un debuxo para que, aquel que resulte seleccionado polos membros do Equipo, sexa o que figure nos carteis de animación que se colocarán tanto en tódalas aulas como nun recuncho dos corredores.



Campaña de recollida de pilas:

De igual xeito que realizamo-la campaña de reciclaxe de papel, ~~anunciar~~ tamén se recollerán pilas usadas para mandar a reciclar. Contamos con dous bidóns onde os alumnos/as van depositando as pilas que traen dos fogares. Tamén contamos con pequenos bidóns que foron distribuidos polo pobo para o mesmo fin. Animaremo-la campaña con carteis que realizaremos os membros do Equipo de Medio Ambiente, xa que os nenos e nenas xa se encargan de facer o da reciclaxe de papel.



Campaña para a recollida do plástico:

Un mestre dos que estén de guardia de patio encargarase de sacar e meter o contenedor onde os nenos e nenas tirarán os envoltorios de plástico durante o recreo. Para fomenta-la seu uso farase un cartel indicador para colocar nas aulas onde aparezcan fotos dos contenedores.

Con esta campaña púndense que os nenos/as tñan un lugar apropiado onde depositar a desperdicio plástico desechando do seu uso cotiá, como son a envoltorio das partelicias que os lancheiros que trae para comer nos recreos. Deste xeito tamén se concienciará os neno e nena de que o plástico é un material particular que á hora de tiralo á basura deben separar dos devai, sobre todo dos papeis. Para o desenvolvemento desta actividade contamos con uns contenedores que situado dentro do centro excepto durante os tempos de recreo, non que algúen profesor se encarge de sacalos ó patio.



HORTO ESCOLAR

No curso 1999-2000 no C.E.I.P. de PALMEIRA seguimos traballando no horto escolar.

Cada nivel, dende Educación Infantil 3 anos ata 6º de Primaria, elexíu un cultivo para facer o seu seguimento durante o curso escolar. Así vimos as distintas etapas dos diferentes cultivos: plantación, nacemento, seguimento do crecemento, floración e época de recollida.

Os nenos/as de Educación Infantil foron os encargados de facer a limpeza do horto empregando as ferramentas axeitadas (sachos, lagoñas, etc.)

Realizouse un mural, que está posto no 1º andar, onde se foron anotando os distintos traballos realizados no horto. Tamén se fixeron degustacións dalgúns cultivos (tomates, cacauetes, pipas de cabaza, etc.). Traballáronse adiviñas, refráns e cantigas relacionadas cos cultivos.


CULTIVOS ELEXIDOS

Educación Infantil 3 anos: tomates

Coñeceron a súa cor, forma e textura recollendo a colleita do curso anterior en setembro.

Despois fixeron unha ensalada para facer a degustación dos tomates.

En abril coñeceron a planta e fixeron a plantación e o seu coidado.




Nº Educación Infantil 4 anos: cabazas

Nos meses de setembro e outono coñeceron a planta da cabaza e sorprendeunos moito a súa flor amarela.

Había cabazas verdes, amarelas e laranxas. Degustaron as sementes das cabazas.

A finais de outubro recollerón as cabazas para participar na festa do "Samán" de tradición celta que cada ano realiza no colexio. Os alumnos/as preparan cabeiras das súas cabazas para levar á exposición e prenderlle o lume á súa vela.




Nº Educación Infantil 5 anos: patacas

Coa lagoña na man, os nenos e nenas de 5 anos foron removendo a terra nò mes de setembro para recoller as patacas.

Chegado o mes de marzo fixemos a plantación das patacas. Os nenos/as observaron as plantas e fixeron a plantación.

Despois coñeceron a planta das patacas e fixeron os traballos de "sacha" e "amontear".



N- Educación Primaria 1º nivel: cebolas

Os alumnos/as de 1º no mes de setembro tamén fixeron a recollida das cebolas.

Foron preparando a terra e no mes de marzo fixeron a plantación das novas cebolas empregando cebolas pequenas.

A finais do mes de marzo xa coñeceron a nova planta.



II- Educación Primaria 2º nivel: fabas

Como non tiñamos fabas no horto do curso anterior, trouxéronse fabas das casas para que as viran e coñeceran a planta.

No mes de maio farán a plantación e seguimento das fabas.

N- Educación Primaria 3: millo

Os de 3º recollerón o millo que había no horto. Viron algunha das distintas clases de millo que se cultivan hoxe en Galicia, observaron a súa cor vermello, branco e amarelo.

Coñeceron a súa planta e fixeron un pequeño estudio sobre ela: como era, de onde procedía, as distintas partes, etc.

Tamén fixeron unha pequena esfolla e falamos das esfolias de hai algúns anos, cando uns veciños ían axudar ós outros.

No mes de abril fixeron a sementeira no horto e seguirán facendo nos próximos meses as tarefas necesarias para o seu coidado.

N Educación Primaria 4º: xirasol

No mes de outubro recollemos as pipas do xirasol e estudamos a procedencia deste cultivo. Fixemos a observación da planta e descubrimos algunas das súas utilidades: aceite, xabróns, piensos, etc.

Tamén fixemos degustación das pipas do xirasol.

No mes de maio faremos a plantación no horto das novas sementes.



N Educación Primaria 5º: cacauetes

Foi no mes de outubro cando os de 5º nivel fixeron a recollida dos cacautes no horto.

Observaron a planta e viron como se agrupaban os froitos.

Por grupos, os alumnos e alumnas de 5º fixeron uns murais sobre este cultivo tendo en conta: procedencia, planta, froito e utilización deste producto.

No mes de maio farán unha nova plantación no horto.


Educación Primaria 6º: liño

Da semente que tiñamos recollida do ano anterior os alumnos e alumnas de 6º fixeron unha malla para separar a semente da planta. No mes de abril fixeron a sementeira no horto.

Pouco a pouco foron coñecendo a planta e a flor do liño.

Por grupos fixeron uns murais para ver a importancia que tivo este cultivo en Galicia noutro tempo.

Nestes murais tamén fixeron un estudio da planta e viron as utilidades que tiña antaño e os traballos que se realizaban (mollado, cardado, fiado, etc.)



A parte de ter cada curso o seu anaquiño de horto co seu cultivo, tamén tivemos outros cultivos que foron plantando e coidando os nenos e nenas de Educación Infantil. Así temos no horto xudías, tomates, pementos, leituga, cenorias e perexil.

Para realizar estes traballos cada curso tiña unha hora semanal na que realizaba as distintas tarefas utilizando as diferentes ferramentas e aprendiendo o vocabulario axeitado.

ACTIVIDADES REALIZADAS NESTRE PROXECTO

1. SAÍDAS A PRAIA

Durante o curso fixéronse 8 saídas á praia do Baluarte para realizar a súa limpeza e observación e recolección da fauna e flora. Nelas participaron tñodolos nenos/as de Educación Infantil e Primaria repartidos da seguinte maneira:

MESES	GRUPOS	Mestres acompañantes
OUTUBRO	2º A - 4 anos A	Geli - Ana - Conchi - Carmela
NOVEMBRO	6º B - 4 anos B	Montse - Sesé - X. Luis - Concha
DECEMBRO	5º - 5 anos A	Mariví - José - Cristina - Susana R.
XANEIRO	4º B - 5 anos B	Marga - Ermitas - Miguel - Conchi
FEBREIRO	4º A - 1º A	Loli - Mercedes - Carmela - Miguel
MARZO	3º B - 1º B	Marisol - Concha - Mariví - Loli
ABRIL	3º A - 2º B	Susana - Pilar - Cristina - Susana R.
MAIO	6º A - 3 anos	Miguel - Remedios - X. Luis - Elvira

Cada grupo de nenos/as ía acompañada polo seu correspondente titor/a e por dous mestres pertenecientes o grupo Voz Natura.

MAPA DE SITUACIÓN

LIXO QUE ATOPAMOS NA PRAIA -OUTUBRO

- silla de plástico rota (da de terraza)
- 1 pneumático
- latas
- botellas de vidro, de plástico
- cable
- chapas
- chanclas
- trozos de ferro
- material construcción
- lavabo
- bicicleta
- corda
- chupete
- tetrabrick
- trozo de pechadura



SAÍDA DE NOVEMBRO (Cursos: 3-4 anos, 6º B)

- plásticos
- bricks
- botes de refrescos
- azulejos
- cordas
- cristais
- tapóns de botellas
- tubos e material de construcción
- bolsas de gusanitos e envoltorios de plástico
- papeis
- pallas de refrescos
- mediciñas
- 1 lavabo
- 1 colchoneta
- 1 rastro
- plantillas dos pés
- louza
- anacos de pneumáticos
- 1 mecheiro



foto: Ana Belén

B

- canicas
- porispán
- 1 chupete
- paquetes de tabaco
- tubos de pegamento
- ferros
- 1 anaco dunha vasoira
- 1 pechadura
- bombillas
- paus de chupa-chups
- frascos de vidro
- suelas de zapatos
- pinzas da roupa
- anacos de caixas de madeira
- restos dunha radio
- 1 noz
- 1 bicicleta

En total, 9 bolsas de lixo e unha bicicleta.

SAÍDA DECEMBRO: Cursos: Infantil 5 anos, 5º (esta saída fíxose o 17 de xaneiro)

- un cesto vello
- un can morto descomposto
- un bidón de plástico
- un coche de plástico
- nasas
- unha zapatilla rota
- latas
- redes de plástico
- un peixe morto
- paos
- cristais
- xibias
- botellas
- cartóns de leite
- cartóns de tabaco
- plumas
- bolsas de chucherías
- cordas
- envases de iogures



- papeis de caramelos
- pinzas
- sacos rotos
- loterías
- moitos plásticos
- mango dunha ventá
- unha rata morta
- aplicadores de tampones
- unha pata dunha silla de madeira

N - XANEIRO : Curso Infantil 5 anos B

- algas
- mondas de laranxa
- cañas
- paos
- unha bota de xoguete
- cristais
- mechero
- toalla
- caixas de cartón
- plásticos
- cordas
- podas de rosais
- xoguetes de plástico
- botes de bebidas
- bolsas de pasteis
- botellas de auga
- caca de can
- calcetíns
- guantes rotos
- pulseira de xoguete rota
- un pneumático vello
- azulexos




N - FEBREIRO

- - paus
- roda pequena
- papeis de chicles e caramelos
- redes
- bolsas de plástico

- áncora (ancla)
- liñóns de pesca e bicas
- caixas de madeira de peixe
- cristais
- un xersei
- botes de cremas
- cartóns de zumes
- botellas de lexívia
- latas de bebidas
- xeringuilla
- colillas de cigarrillos

N → LIXO QUE ATOPAMOS NA PRAIA – MARZO (7-04-2000)

- paquetes de tabaco
- cordas
- plásticos
- botellas
- cigarrillos
- latas
- cristais
- materiais de construcción
- cables
- suelas de zapato
- chaveiro cunha navalla
- paus e madeiras
- unha peza de ferro (creemos que dun barco)
- a parte de arriba dun bidón de plástico
- ferros variados
- pezas dun autorradio



2. MURAIS DAS SAÍDAS

2.1. Murais-calendario: Cada vez que se realizaba unha saída, os grupos participantes facían debuxos sobre a súa experiencia, e con eles elaborábanse tres murais, un por trimestre. En cada mural aparece unha frase alusiva á limpeza da praia. Nestes murais os nenos e nenas pegaban os seus debuxos.



2.2. Murais-fotos: Ademáis fixérонse uns murais coas fotos dos nenos/as nas diversas saídas, nas cales se pode ver como recollen o lixo, cunchas, algas. Posteriormente, xa no centro, estudiáronse estas especies que foron recollidas.




3. MURAL GAIVOTA “MARCELINA”

En cada unha das saídas, os nenos/as fixeron unha lista das cousas recollidas na praia (plásticos, cordas, luvas, etc.). Estas listas serviron de base para a confección dun mural que consiste nun debuxo en grande da gaivota “Marcelina”, protagonista do conto motivador do proxecto, e unha bolsa grande da basura, onde se van poñendo nomes e recortes de cousas e obxectos atopados na praia. Este mural, como os anteriores, están nun lugar moi transitado polos nenos/as para que poidan observar e comentar entre eles a diversidade do lixo que se pode atopar nunha praia.



4. REALIZACIÓN DUN MURAL NUNHA PARTE DO COLEXIO

Nunha parte exterior do colexio situada nun lugar visible fíxose un mural da praia do Baluarte, cos dous protagonistas do conto motivador: A señora “Ramona” e a gaivota “Marcelina”. Unha vez confeccionado o mural púxoselle unha rede, onde os nenos/as enganchaban dúas cousas que traían en cada saída á praia, para que os pais/nais, profesores/as e alumnos/as poideran observar a variedade de obxectos que se poden atopar nunha paisaxe e para concienciar da importancia de mante-la limpa.



(No folio seguinte pódese observar o boceto deste mural realizado polo mestre Miguel García Barreiro)


DEBUXO DO MURAL (MIGUEL)

5. REALIZACIÓN DE LÁMINAS DA FAUNA E FLORA RECOLLIDA NAS SAÍDAS

Unha vez realizada a saída, os nenos/as fixeron láminas da fauna e flora do Baluarte. Nestas láminas recóllese as características, tipos, formas das especies estudiadas. A confección destas láminas fixose dividindo o traballo entre os grupos que nese momento foron xuntos á praia. Os más pequenos participaron pintando, debuxando, recortando, pegando, mentres que o grupo dos maiores dedicouse máis ó estudio das características das especies.

As láminas confeccionadas foron sobre:

- moluscos (3)
- crustáceos (27)
- plantas
- algas
- ANTES




6. REALIZACIÓN DE URNAS

Nestas saídas realizadas ó longo do curso cada grupo tiña asignada unha especie a estudiar. Unha vez recollidas na praia, lavábanse e empezábase a traballar con elas. En pequenos grupos (3 ou 4 membros) ían ó laboratorio onde con axuda de libros de consulta e baixo a supervisión dalgún membro de Voz Natura, empezaban o traballo.



URNAS

- **MOLUSCOS:** Animais de corpo brando. Son invertebrados. A maioría está cuberto dunha cuncha.
- **GASTERÓPODOS:** Moluscos cunha única cuncha. A maioría deles teñen un pé plano, unha cabeza e unha parte chamada masa visceral. Esta masa visceral pode ter forma de gorro chino, exemplo: lapa, ou ben estar enrolada en espiral, por exemplo: caracola.
- **MOLUSCOS:** Animais de corpo brando. Son invertebrados. A maioría está cuberto dunha cuncha.
- **BIVALVOS:** Son moluscos que teñen a concha de dúas pezas que se pecha por medio de un ou dous músculos. Os bivalvos viven na area, péganse a superficie das rochas ou "barrenan" a rocha, o coral ou a madeira.
- **EQUINODERMOS:** Atópanse únicamente no mar. A maioría teñen un esqueleto duro e cheo de espiñas. Os seus corpos están divididos en cinco partes (vese fácilmente na estrela de mar cos seus cinco brazos).



Algúns equinodermos utilizan as súas espiñas para trasladarse áinda que a maioría empregan os pes "ambulacrais". Estos poseen unha ventosas nos extremos, que poden estirarse e encollerse por medio dun sistema acuoso que se atopa únicamente nestes animais.

- **CRUSTÁCEOS:** Pertencen ós artrópodos (animais de patas articuladas). Hai moitos tipos. O que os distingue dos demais artrópodos é que teñen dous pares de



antenas. Poseen unha cuncha dura que lles impide ir medrando, agás no período de muda. A maioría deles móvense nadando ou arrastrándose.


Como no caso da confección de láminas, os nenos/as más pequenos facían o traballo más doado, pegando nas urnas as especies, mentres que os nenos/as más maiores consultaban en libros as características e o nome científico e galego das especies estudiadas.

7. REALIZACIÓN DO CONTO MOTIVADOR EN GRANDE

O conto motivador, que foi o fío conductor ó longo do proxecto, fixose en tamaño grande (55 cm de longo x 39 cm de ancho). Para esta realización a gran tamaño pensouse en empregar cartón rizado para as páxinas interiores e madeira para a portada e contraportada.

A confección realizouse despois de que os nenos/as tiveron lido o conto nas clases co seu titor/a.

A cada clase déuselle unha páxina de cartón rizado e un texto do conto, de maneira que cada grupo tiña que facer un traballo de "collage" sobre o texto que se lle asignou. Na realización do conto participaron dende os nenos/as de 3 anos (Educación Infantil) ata alumnos/as de 6º curso de Primaria.



8. PANEL DA PRAIA

Como remate do proxecto fíxose un panel informativo para poñer na praia do Baluarte.

Este panel ofrece tres tipos de información:

- a) Lixo que recollerón na praia os nenos/as do C.E.I.P. de Palmeira.
- b) Cousas agradables que se poden facer na praia sen deteriorar e/ou dañar o medio ambiente.
- c) A vida que hai na praia.

Para este terceiro apartado , os nenos/as de 6º pasaron unha enquisa á xente que vive do mar para recabar información sobre as aves, peixes, moluscos, crustáceos, ... que viven nesta ría: Ría de Arousa.

A enquisa pasada foi a seguinte:

ENQUISA: O ENTORNO DO BALUARTE

SEXO

Home Muller

OCUPACIÓN

Marisqueo Mariñeiro Xubilado Outra:.....

¿QUÉ PESCA OU QUÉ VE NO ENTORNO DA PRAIA DO BALUARTE?

MARISCO

- | | | | |
|---------------------------------------|---------------------------------------|--|--|
| <input type="checkbox"/> Ameixa fina | <input type="checkbox"/> Ameixa rubia | <input type="checkbox"/> Ameixa xapon. | <input type="checkbox"/> Ameixa babosa |
| <input type="checkbox"/> Ameixa | <input type="checkbox"/> Berberecho | <input type="checkbox"/> Croque | <input type="checkbox"/> Reloxio |
| <input type="checkbox"/> Carneiro | <input type="checkbox"/> Navalla | <input type="checkbox"/> Longueirón | <input type="checkbox"/> Ostras |
| <input type="checkbox"/> Vieiras | <input type="checkbox"/> Zamburiñas | <input type="checkbox"/> Mexilón | <input type="checkbox"/> Percebe |
| <input type="checkbox"/> Nécora | <input type="checkbox"/> Lapas | <input type="checkbox"/> Camaróns | <input type="checkbox"/> Bois |
| <input type="checkbox"/> Cornetes | <input type="checkbox"/> Polbos | <input type="checkbox"/> Durmiñento | <input type="checkbox"/> Arola |
| <input type="checkbox"/> Luras | <input type="checkbox"/> Queimacasas | <input type="checkbox"/> Chirlas | <input type="checkbox"/> Chipiróns |
| <input type="checkbox"/> Centola | <input type="checkbox"/> Ourizos | <input type="checkbox"/> Pateiros | <input type="checkbox"/> Xibas |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

PEIXES

- | | | | |
|-----------------------------------|-----------------------------------|----------------------------------|---------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Sardiña | <input type="checkbox"/> Muxes | <input type="checkbox"/> Lorchas | <input type="checkbox"/> Xurel |
| <input type="checkbox"/> Maragota | <input type="checkbox"/> Robaliza | <input type="checkbox"/> Xarda | <input type="checkbox"/> Serrán |
| <input type="checkbox"/> Faneca | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

AVES

- | | | | |
|--------------------------------|----------------------------------|--------------------------------|-----------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Pomba | <input type="checkbox"/> Gaivota | <input type="checkbox"/> Corvo | <input type="checkbox"/> Cormorán |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

MAQUETA DA PRAIA

Coa colaboración do conserxe do colexio fíxose unha maqueta da praia do Baluarte, onde os nenos/as de Educación Infantil pegaron cunchas e debuxos de peixes, polbos, estrelas de mar, etc.



ACUARIO

Dentro das actividades levadas a cabo neste Centro e no que se refire o Proxecto Voz Natura, salientamos a instalación e posta en funcionamento dun acuario no laboratorio do colexio.



Esta actividade estaba programada polo equipo de "Voz Natura" para o segundo trimestre do curso 1999-2000 co fin de acadar os seguintes obxectivos:

- Achegar ós rapaces/as a vida e costumes dos animais más representativos que habitan na praia do Baluarte.
- Estudiar a súa morfoloxía, alimentación, costumes...
- Responsabilizar ós alumnos/as no coidado e mantemento do acuario.
- Valorar a importancia de tódalas formas de vida (tanto animais como vexetais) que se poidan observar.

Con estas premisas o acuario foi instalado con data 18 de xaneiro do presente ano e os alumnos/as de 6º encargáronse de aportar os materiais necesarios así como os animais e algas que se poideran adaptar á vida no acuario.

Dende o momento da instalación fíxose un seguimento por parte dos alumnos/as e profesor encargado no que a través dun cartel colocado ó lado do acuario se apuntaba o que acontecía no mesmo.

A modo de resumen anotamos estes feitos:

18 xaneiro: instalación e posta en funcionamento: algas, lapas, caramuxos, mexilóns, paterios.

20 xaneiro: estrela de mar e pateiros.

25 xaneiro: 3 lorchos, 3 camaróns, berberechos e queimacasas.

4 febreiro: Morre a estrela de mar.

8 febreiro: Morren 2 lorchas e 2 camaróns.

11 febreiro: 1 nécora e 1 apegón.

17 febreiro: 1 nécora e un Risso.

21 febreiro: morre o Risso.

13 marzo: un cabaliño de mar.

27 marzo: morre o cabaliño de mar.

12 abril: levantamos a instalación do acuario. Devolvemos animais e algas que permanecían no acuario ó mar.

Engadir que o mantenemento correu a cargo dun profesor e dos alumnos de 6º que se encargaban de que periodicamente se lle cambiara a auga, se lle trouxera alimento para os animais así como de darrile de comer.



O acuario foi visitado polo prácticas totalidade do alumnado do colexio durante o tempo que estivo funcionando e foi aproveitado polo profesorado para motivar ós alumnos/as en temas relacionados co coñecemento de animais e plantas e o medio ambiente.

Alumnos participantes

Mestres participantes

Grupo Voz Natura

Proxecto na Prensa

VALORACIÓN

- Obsérvase un descenso do lixo procedentes dos desperdicios familiares (vidro, azulejos, botellas, plásticos, material de construcción, ...)
- Bótanse en falta os contenedores para depositar o lixo (vidro, papel, plásticos) así como papeleiras na praia.
- Actitude positiva dos nenos/as hacia o coidado da praia (comentarios dos alumnos/as).
- Destaca a boa acollida que tivo o conto empregado como elemento motivados, así como os seus persoaxes (gaivota "Marcelina") para o desenrollo do proxecto.
- O calendario tivo que verse alterado en algunha ocasión debido ás inclemencias do tempo.
- A actividade do acuario permitiu o acercamento da vida do litoral ó ámbito escolar, co cal os/as nenos/as disfrutaron co coñecemento dos distintos animais, observando o seu mimetismo, alimentación, movementos..., e vexetais.

Alumnos del colegio de Palmeira limpiaron parte de la playa de O Baluarte


La misión de los chavales consistió en recoger la basura acumulada en el arenal.

No es la primera vez que los estudiantes llevan a cabo una tarea de limpieza y descubren el escaso cuidado en la protección del medio ambiente, un tema sobre el que sus maestros quieren sensibilizarlos. Asimismo, los pequeños recogieron conchas de moluscos que estaban dispersas por la playa.

Con todos los materiales confeccionarán una lista. Por una parte de los vertidos existentes, aludiendo a su procedencia, y, por otra, de los restos fósiles encontrados. Dicha información se colocará en un lugar visible del colegio para que todos los estudiantes tengan acceso a la misma y sepan en qué trabajan sus compañeros.

REDACCIÓN
RIBEIRA

Un total de 35 escolares del colegio de Palmeira efectuaron ayer por la tarde una salida didáctica, la tercera, a la playa de O Baluarte. La actividad está incluida en el proyecto Voz Natura que desarrollan los alumnos del centro educativo.



C. QUEJUEIRO

Los 35 estudiantes recogieron distinto tipo de basura y restos orgánicos de moluscos dispersos por el arenal

Cuando finalicen su proyecto tienen previsto instalar en la entrada del arenal un panel informativo sobre los materiales hallados en las expediciones. Los alumnos desarrollan el trabajo bajo el asesoramiento de un grupo de profesores, algunos pertenecientes al área de Medio Ambiente y otros ad-

critos específicamente al programa de Voz Natura. Todo el colegio contribuye al desarrollo de esta iniciativa de protección de la naturaleza.

rismos viajaba en dirección a Boiro y el otro salía del cruce del colegio María Assumpta, aunque se desconoce cómo se originó el choque.

guiendo el procedimiento tal y como marca la ley. Además, alega que hubo defectos de forma en la convocatoria, «pois non se dou ción y, a continuación, se adjudicará la obra.

Escolares de Palmeira recogieron basura de O Baluarte

arenal la basura que afea y, lo que es más grave, degrada un paraje natural que está en pleno corazón de la parroquia.


Las excursiones que los alumnos vienen haciendo al arenal este curso escolar forman parte del proyecto ambiental desarrollado por el colegio al amparo del programa Voz Natura, que promueve el Grupo Voz. Si bien el plan lleva por título *De parte a parte, librar de lixo O Baluarte*, la experiencia educativa es mucho más ambiciosa y tiene otro tipo de objetivos didácticos. De esta manera, aparte de limpiar la playa –actividad que también tiene como fin fomentar la cooperación entre el alumnado–, los chavales se dedicaron con todas sus fuerzas a retirar del

giendo conchas, algas, caramujos, entre otros elementos habituales en el ecosistema marino, para poder analizarlos.

Auario

Aparte de estudiar las características de cada uno de ellos, lo que los maestros pretenden es montar una especie de acuario en el laboratorio del colegio, para reproducir el ecosistema de la zona, siempre en la medida de lo posible.

El proyecto educativo que desarrolla el colegio de Palmeira pretende sensibilizar a los alumnos acerca de la importancia de respetar el medio ambiente y, de paso, que éstos influyan en sus padres y familiares en el mismo sentido.



REDACCIÓN
RIBEIRA

Escolares del colegio ribeirense de Palmeira efectuaron ayer por la mañana una nueva salida a la playa de O Baluarte. Desafiando al mal tiempo, los chavales se dedicaron con todas sus fuerzas a retirar del



S. BALVIS
Los niños desafían al mal tiempo y limpian la arena

97-2020

1.- Castiñeira y Mosqueiros
 2.- Ameixida
 3.- Secada
 4.- Touro
 5.- Rocosa
 6.- Carolina y Coroso
 7.- Riazor
 8.- Insuela
 9.- La Camba
 10.- Baluarte
 11.- Rochuelas
 12.- Esteiro (A Corna)
 13.- La Isla
 14.- Lombiña y Cabío
 15.- Agronovo
 16.- Niñeiriños
 17.- Arenal
 18.- Raposiños
 19.- La Merced
 20.- Riveiriña
 21.- Toxal
 22.- La Poza
 23.- Campo
 24.- Conchido
 25.- Costadal
 26.- Escarabote
 27.- Barraña
 28.- Rebordelo
 29.- Esteiro
 30.- Palén
 31.- Piñeirón
 32.- Gabiotea
 33.- Carraxeiros
 34.- Lobeira do Chazo
 35.- Mañóns
 36.- Fontenla y Portomouro
 37.- Suiglesia y Suspicho
 38.- Agrañán
 39.- Bodion
 40.- La Torre

41.- O Pazo
 42.- Queinxo y Tanxil
 43.- Tronco
 44.- Pereira Torta
 45.- Porrón
 46.- Las Conchas
 47.- Aceveira
 48.- Compostela
 49.- Canelas
 50.- Aduana
 51.- As Sinas
 52.- Mosqueiro
 53.- Bornal
 54.- Fuxiño do Porco
 55.- As Brañas
 56.- Con da Mlña
 57.- O Terrón
 58.- O Pasaxe
 59.- O Vao
 60.- Cabodeiro
 61.- Secada
 62.- Mallón
 63.- Espiñeiro
 64.- Lombeira y Salinas
 65.- Camaxe
 66.- Cabalgada
 67.- Castelete
 68.- As Patiñas
 69.- A Mouta
 70.- Seiñas

71.- Fontiñas
 72.- Ganchiño
 73.- Pereiro
 74.- Seixiños
 75.- Sequiña
 76.- O Vao y Guernal
 77.- Villamarín
 78.- A Ponte
 79.- Rons
 80.- Con Roibo
 81.- Lauxiñas
 82.- Lavaxeira (Lobagueira)
 83.- As Pipas
 84.- Mexilloeira
 85.- Piñeirón
 86.- Area Grande
 87.- Barcela
 88.- Carreiro
 89.- Castriño
 90.- Pateiro

91.- Castiñeira
 92.- Borreiro
 93.- Aguieira y Con do Corvo
 94.- Canelas y Abelleira
 95.- Barrosa y Farruco
 96.- Espiño
 97.- Área da Cruz
 98.- Paxareiras
 99.- Raeiros

